



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de decembro de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de decembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Non houbo.-

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (ANTEGA) relativa a incoación de procedemento para declarar a perda da condición de aúla CeMIT de referencia.

**5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

**LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS  
E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2016, por importe de 1.119 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.



**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº14/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº14/16, por importe de 8.046,94 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2016.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2016, por importe de 52.683,62 euros, tarifa de depuración por importe de 10.183,05 euros, máis 6.299,44 euros de IVE, resultando un total de 69.166,11 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2016, por importe de 20.105,41 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.706,45 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 10.863,11 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 2 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2017”.

**SOLICITUDE DE SUBVENCION.-**

“Vistas as Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a Concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes o exercicio de 2017, aprobadas pola Comisión Executiva do Inorde con data 10 de outubro de 2016 e publicadas no BOP nº 264 de data 17 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**UNICO.-** Acollerse as devanditas Bases e solicitar a correspondente subvención prestando aprobación a solicitude de subvención para o proxecto que se presenta, segundo a documentación achegada coa solicitude.

**SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 29 de setembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 264, de 17 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “Actividades Feira do Viño do Ribeiro”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.



**APROBACION DE CONVENIO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividade denominada "Ribanadal" no Concello de Ribadavia durante o Nadal 2016, entre a empresa Mantesil S.L.U. e o Concello de Ribadavia.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**